

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 22 DE XULLO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e dous de xullo de dous mil vinte; as trece horas e trinta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez,

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 806/2020 RIB / C/43.1/20

Visto o escrito presentado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, onde solicita Licenza de Obras para “ PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REHABILITACIÓN INTEGRAL IES O RIBEIRO, EDIFICIO ABRENTE , redactado polos arquitectos don Daniel López Ben e don Pablo Noya Suárez.

Consta no expediente:

- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REHABILITACIÓN INTEGRAL IES O RIBEIRO, EDIFICIO ABRENTE , redactado polos arquitectos Daniel López Ben e Pablo Noya Suárez.
- Informe Sectorial favorable da Consellería de Medio Rural sobre actuación en solo rústico de especial protección

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Begoña Arregui Rodríguez de data 22 de xullo de 2020.

-Informe do Secretario municipal de data 22 de xullo de 2020.

A Xunta de Goberno Local, acorda :

Conceder licenza de obras a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para “**PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REHABILITACIÓN INTEGRAL IES O RIBEIRO, EDIFICIO ABRENTE**”, redactado polos arquitectos don Daniel López Ben e don Pablo Noya Suárez, na Estrada OU-406 N°5, San Paio, referencia catastral 001200200NG78C0001KR.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará Obras de rehabilitación integral para mellorar a eficiencia enerxética e funcional do instituto..

Contía na que se orzan as obras: 699.295,95 euros

Situación e emprazamento das obras: Estrada OU-406, N°5 San Paio.

Referencia catastral: .001200200NG78C0001KR.

Nome ou razón social do promotor: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Xírase liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 18.181,69 euros.

Deberá nomearse Dirección de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde.

Respecto da seguridade dos traballadores , adoptaranse as medidas mínimas de seguridade e saúde, recollidas na Ordenanza Laboral de Construcción e demais normativa aplicable.

Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

Respecto do pintado das fachadas , consonte ao artigo 91 c da Lei do Solo de Galicia, as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Outorgamento licenza de obras 777/2020 RIB / N/33.2/20

Visto o escrito presentado por Don Antonio Míguez Amil e Dona Patricia Santos Lozano , onde solicitan Licenza de Obras para “ PROXECTO BÁSICO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR E ADEGA” con data de sinatura de 17 de xullo de 2020, redactado polos arquitectos dona Candelaria Cecilia López Muiños e don Juan José Otero Vázquez.

Consta no expediente:

“ PROXECTO BÁSICO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR E ADEGA” con data de sinatura de 17 de xullo de 2020, redactado polos arquitectos dona Candelaria Cecilia López Muiños e don Juan José Otero Vázquez.

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Mercedes Alvarez López de data 22 de xullo de 2020.

-Informe do Secretario municipal de data 22 de xullo de 2020.

A Xunta de Goberno Local, acorda :

Conceder licenza de obras a Don Antonio Míguez Amil e Dona Patricia Santos Lozano , para “ PROXECTO BÁSICO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR E ADEGA” con data de sinatura de 17 de xullo de 2020, redactado polos arquitectos dona Candelaria Cecilia López Muiños e don Juan José Otero Vázquez en Camiño da Barca nº8, parcela catastral 0720313NG7802S e 0720311NG7802S.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará. Vivenda e adega.

Contía na que se orzan as obras: 233.858,84 euros

Situación e emprazamento das obras: Camiño da Barca nº8, Ribadavia

Referencia catastral: .0720313NG7802S e 0720311NG7802S.

Nome ou razón social do promotor: D Antonio Míguez Amil e D^a Patricia Santos Lozano.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Xirase liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por 6.080,32 euros.

Previo o inicio das obras deberá achegarse o Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, os Oficinos de Dirección das Obras, de Dirección de Execución das Obras e de Coordinación en Materia de Seguridade e Saúde, así como o impreso de estatística da edificación.

Na execución das obras de conexión coas redes municipais de saneamento , de recollida de augas pluviais e de abastecemento de auga , estarase ao disposto no Informe da empresa concesionaria dos servizos Aqualia.

Debe depositar un aval económico coa finalidade de garantir o correcto estado do vial público unha vez rematadas as obras por importe de 2.198,62 euros.

Visto o artigo 20 a) da Lei 272016 do Solo de Galicia, artigo 1280.1 do Código Civil e artigo 30.3 do Real Decreto 1093/1997 polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento Hipotecario sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística e dado que a superficie de cesión fixada polo PXOM para a ampliación do vial público é de 66,74 m² , deben ceder a superficie que non foi obxecto de cesión coa Licenza de parcelación concedida pola Xunta de Goberno local de 4 de setembro de 2017 en escritura pública a favor do concello de Ribadavia.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

AUTORIZACION POSTO VENTA AMBULANTE.-

Visto o escrito de **Dona Ruth González Martín** , en nome de Silas Dulces Artesanos SLL, no que se solicita licenza de venda ambulante, a Xunta de Goberno, vista a documentación presentada, e de acordo co Ordenanza sobre venda Ambulante do Concello de Ribadavia, acorda concede-la licencia para venda ambulante de produtos alimenticios (Dulces Artesanos); o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 300 euros, en concepto de taxa, de acordo coa Ordenanza Reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espéctáculos ou atraccións situadas no terros de uso público e industrias nas rúas e ambulantes e rodaxe cinematográfico, sen o cal requisito esta licencia ficará nula e sen efecto. Deberá axustarse en todo caso, a Ordenanza fiscal reguladora da venda ambulante do Concello de Ribadavia, publicada no BOP núm. 272 de data 25.11.2008.

-Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista do concello de Ribadavia , con rexistro de entrada no concello 3349 de 17 de xullo de 2020, en base ao previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no que presenta a seguinte solicitude:

O Grupo Municipal Socialista de Ribadavia , consideramos que a homenaxe de recoñecemento ás mulleres que traballaron na confección de máscaras para a veciñanza, á que estamos citados/as o vindeiro martes 21 de xullo ás 12 horas, debería ser consensuada con todos os grupos e non de xeito unilateral; entendemos que esta homenaxe non chega a todos os colectivos que arriscaron as súas vidas e traballaron na batalla contra a crise da Covid-19.

Ao noso xuízo, existen outros gremios que desenvolveron un labor moi importante no noso Municipio a prol da seguridade , coidados, hixiene e desinfección, como o persoal do Asilo, Auxiliares do SAF, GES; Protección Civil, Policía Local, operarios/as do concello, entre outros, como poden ser os viticultores que donaros os seus tractores para a desinfección das rúas, polo que cremos que debe ser extendida a todos eles, incluídas as vítimas desta catástrofe inesperada.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de dona Yolanda Sanz Santamaría , con rexistro de entrada no concello número 3363 de 17 de xullo de 2020, no que expón:

“ Habiendo pagado 126 euros por cuota para uso de las actividades deportivas del pabellón, así como sus instalaciones, debido al covid 19, el 16 de marzo se cierran las instalaciones, se vuelven a abrir el 15 de mayo, pero solamente instalaciones, las actividades como zumba , bailes latinos, o spinning no se iniciaron(las cuales eran las que yo utilizaba) dichas actividades se realizaban hasta finales de junio.

Solicita:

La devolución de los meses en los que estuvo cerrado el pabellón , así como los meses que estuvo abierto, pero no se realizaron las actividades ofertadas.

A xunta de goberno acorda solicitar informe ao Director do Servizo Municipal de Deportes.

-Escrito de don Oscar Filgueira Feijoo , en representación de Galicia Autoestampación SAU, con número de rexistro de entrada no concello 3334 de 16 de xullo de 2020, no que expón:

Por razones logísticas de transporte entre naves, una vez adquirida la nave anteriormente llamada Paseiro, y debido a la circulación entre ambas por un tren logístico.

Solicita:

Que se nos ceda el tramo de carretera que comparten las dos naves y siempre dejando acceso a los peatones.

A xunta de goberno acorda autorizar a colocación dun valado, como os existentes nos pasos a niveis dos trens, ao principio e ao final do tramo de estrada que comparten ambas naves no Parque Empresarial, e a manter os valados baixados sempre que sexa necesario para o paso do tren logístico entre ambas naves.

-Escrito de Aqualia remitindo a efectos de coñecemento en cumprimento do apdo 5º do artigo 18 do Real Decreto 140/2003 do Protocolo de autocontrol e xestión do concello de Ribadavia.

-Escrito de dona María Josefá Rodríguez Do Campo , solicitando unha praza de discapacitados na carretera vella 24 no portal 2 do Bloque 2.

Vista a Lei 10/2014 de accesibilidade de Galicia.

A xunta de goberno acorda ubicar unha praza de aparcamento para persoas con mobilidade reducida na carretera vella 24, Bloque 2, portal 2, facendo constar que o uso de dita praza é para calquera persoa que posea a tarxeta de persoa con mobilidade reducida ,non exclusiva para unha persoa en concreto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Deputación Provincial de Ourense dando traslado do modelo de Declaración Responsable para a realización de obras menores de conservación e

mantemento das edificacións, instalacións e peches sitios na zona de servidumbre ou afección de estradas de titularidade da Deputación de Ourense.

-Escrito do Departamento de Explotación de Águas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade , coa auditoría da EDAR, no que se formulan as seguintes recomendacións:

1 Modificar a colocación do caudalímetro de auga bruta para garantir que se registre o 100% do caudal que entra na planta.

2 Recomendase estudar a posibilidade de automatizar a limpeza da reixa de grosos e de instalar un tamiz de finos tipo escaleira na canle de desbaste principal para reducir a entrada de sólidos grosos nas balsas biolóxicas que están a xerar tantos problemas operativos.

3 Aumentar a deshidratación para disminuir a concentración de MLSS no biolóxico , e mellorar a eficiencia da transferencia de osíxeno disolto no reactor.Débese rematar a posta a punto do filtro banda cambiando as telas do equipo.

4 Recomendase repoñer as sondas de osíxeno disolto nas balsas para monitorizar este parámetro e regular o funcionamento dos rotores por consigna de osíxeno , tendo en conta que non existe axitación nos canais polo que o funcionamento dos rotores debe ser cuasi continuo nas fases de reacción.

-Escrito do Director da Axencia Galega das Industrias Culturais notificando a concesión da subvención Cultura no Camiño +2020 ao Concello de Ribadavia por importe de 4.000 euros.

-Escrito da Confederación Hidrográfica Miño Sil no " Expediente de autorización para ampliación de la piscina municipal de A Veronza en zona de policía de la margen derecha del río Avia y en zona de policía de la margen izquierda del regueiro de Gateira, en el término municipal de Rivadavia " no que se conclúe:

" Procedería denegar la ampliación de la piscina municipal al comprobarse que incumpliría lo establecido en el artículo49.2 de la revisión del Plan Hidrológico de la parte española de la Demarcación Hidrográfica del Miño Sil, aprobado por el Real Decreto1/2016 ,de 8 de enero, ya que las obras se situarian en dominio público cartográfico del río Avia y regueiro de Gateira"

5.-CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

APROBACIÓN DE FACTURA

A xunta de goberno por unanimidade aproba a factura emitida por Rocio Estévez Rodríguez (Estudio Arte) , nº 6, de data 15/07/2020 , por importe total de 8.609,59 euros, base imponible 8.609,59, Imposto sobre o valor engadido 0 euros (exenta) en concepto de prestación de campamento de Verán Aviaconcilia.

XERACION DE CREDITOS Nº 7/2020

"A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº7/2020, por importe de 12.000 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal".

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2020.-

Dase conta da proposta de Dona Yolanda Gómez Gómez como Concelleira de Cultura do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan co teor que consta nos mesmos e coa aprobación do gasto que se describe: AGNES MATEUS Y QUIN TARRIDA, o día 19 de xullo.”

Requerimento de subsanación de datos da solicitude de Instalacións Deportivas Municipais para a tempada 20/21.

Visto o informe do Director do Servizo Municipal de Deportes e rematado o prazo de solicitude de Instalacións Deportivas Municipais para a tempada 20/21, según se recolle no Regulamento sobre uso das Instalacións Deportivas Municipais, vistos os expedientes presentados para a instrución do procedemento ao abeiro do Capítulo V, Normas de solicitude concesión e uso, formulase proposta de requerimento para que aporten a información que se recolle no Anexo, necesaria para redactar proposta provisional de horario. O prazo de presentación é de diez días hábiles a contar a partir do seguinte éste incluído á recepción do presente requerimento. As entidades requeridas son:

CDC RIBEIRO, IRMANDADE DEPORTIVA OS SARMIENTO, CLUB RIBADAVIA ATL, FRANCELOS FC, RIBEIRO DO AVIA.

Dase conta do Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e dona Carolina Atuesta Castro para a utilización das instalacións deportivas municipais.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as trece horas e corenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.